

FUNCIÓN DE NUTRICIÓN



A **función de nutrición** consiste en obter dos alimentos **enerxía** e os **materiais** que necesitamos para vivir.

Os alimentos transfórmanse no interior do corpo a través de catro procesos que son: **a dixestión, a respiración, a circulación e a excreción.**

APARELLO DIXESTIVO

O **aparello dixestivo** leva a cabo a **dixestión**, que consiste en obter os nutrientes dos alimentos, que son as substancias que proporcionan a **enerxía** e os **materiais**.

Arrastra cada parte do aparello dixestivo ao cadro correcto.

Esófago


Intestino
grosso

Ano

Intestino
delgado

Estómago

Boca



APARELLO RESPIRATORIO

O **aparello respiratorio** leva a cabo a **respiración**, que permite obter e utilizar o **osíxeno** do aire, que é necesario para obter a enerxía dos nutrientes obtidos na dixestión.




Arrastra cada parte do aparello respiratorio ata o cadro correcto.

Fosas
nasais

Traquea

Pulmóns

Bronquios



APARELLO CIRCULATORIO


O **aparello circulatorio** leva a cabo a **circulación**, que consiste en repartir por todo o corpo o osíxeno e os nutrientes e en retirar as substancias de refugallo.



Arrastra cada parte do aparello circulatorio ata o cadro correcto.

Corazón

Vasos
sanguíneos



APARELLO EXCRETOR

O **aparello excretor** leva a cabo a **excreción**, que se encarga de eliminar as substancias de refugallo que se producen no interior do corpo durante a nutrición.



Arrastra cada parte do aparello excretor ata o cadro correcto.

Uretra

Uréteres

Riles

Vexiga

